

LISTA DE ASISTENTES

D. Domingo Docampo Amoedo
D. Salustiano Mato de la Iglesia
D. Pedro Merino Gómez
D. Antón Fernández Álvarez
D. Juan M. Suárez Creo
D. José M^a Da Rocha Álvarez
D. Xose Manuel Cid Fernández
D. Julio Taboada Pérez
D^a Margarita Estévez Toranzo
D^a M^a Luisa Alonso Escontrela
D. J. Angel Álvarez Moreira
D. Pedro Antonio Araujo Nespereira
D. Enrique Barreiro Alonso
D. Manuel Angel Candelas Colodrón
D. Víctor Cardador González
D. Juan Carlos Carpintero Sánchez
D. José Cidrás Pidre
D. Eusebio Corbacho Rosas
D. Xosé Henrique Costas González
D. Guillermo De Oca Cancela
D. José Durany Castrillo
D. José Ramón Fernández Bernárdez
D. Manuel Fernández Cruz
D. Alberto Gago Rodríguez
D. José Manuel García Vázquez
D. José M^a Gil Villanueva
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Manuel Gutiérrez Nieto
D^a. M^a del Pilar López Vidal
D. Víctor M. Martínez Cacharrón
D. Andrés Mazaira Castro
D. Carlos Mollinedo Lois
D^a Ascensión Muñoz del Barrio
D. Xosé Luis Outes Ruso
D. Luis Pérez Gómez
D. Juan Pérez de Obanos Herrero
D. Manuel J. Reigosa Roger
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Luis Rodríguez Ennes
D^a. Antía Rodríguez Nieves
D. Carlos Román Lago
D. Eduardo Soto García
D. Juan Carlos Surís Regueiro
D. Enrique Valero Gutiérrez del Olmo
D. Vederico Vilas Martín
D. José Santiago Santos Suárez (UXT)
D^a. Nieves Redondo Álvarez (CC.OO)
D. Cándido Pérez Betanzos (CIG)

DESCULPA A SÚA ASISTENCIA

D. José Pose Blanco
D^a. Ana Ameal Guerra
D^a Elena Sánchez Trigo

Acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, do vintecatro de xuño de mil novecentos noventa e nove, ás 9.30 horas en primeira convocatoria e ás 10.00 en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación da Universidade de Vigo.

O xoves **día 24 de xuño de 1999**, ás 10:15 horas, comezou a sesión ordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

- 1º.- Aprobación, se procede, da Acta de sesión anterior (14.04.99).
- 2º.- Informe do Rector.
- 3º.- Aprobación, se procede, da creación da sociedade anónima "Cidade Universitaria S.A." e nomeamento de conselleiros.
- 4º.- Asuntos de profesorado: Prazas BOE, transformacións, cambios de área, permisos e comisións de servizo.
- 5º.- Calendario escolar do curso 1999-2000.
- 6º.- Encargos de docencia.
- 7º.- Aprobación, se procede, das normas de xestión académica.
- 8º.- Aprobación, se procede, da segunda convocatoria de axudas á investigación do ano 1999.
- 9º.- Aprobación, se procede, do modelo de enquisa de avaliación docente.
- 10º.- Proposta de dous vicedecanos na Facultade de Belas Artes.
- 11º.- Proposta de creación do Comité de Avaliación e Calidade da Universidade de Vigo.
- 12º.- Creación de cargos académicos.
- 13º.- Aprobación, se procede, do expediente de validación de gastos.
- 14º.- Elección para cubrir vacantes en Comisións Delegadas de Xunta de Goberno: Comisión de Extensión Universitaria (1 representante no sector PDI), Comisión de Investigación (1 representante no sector de estudantes) e Comisión de Planificación (2 representantes no sector PDI).
- 15º.- Aprobación, se procede, da normativa de prazas en residencias universitarias.
- 16º.- Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno das Residencias Universitarias.
- 17º.- Aprobación da sinatura de convenios entre a Universidade de Vigo e a Universidade Autónoma de Tamaulipas (México), a University of Western Sydney (Australia), a Universidade de Tras os Montes e Alto Douro, a Universidade do Estado de Nova York en New Paltz e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais
- 18º.- Rogos e preguntas.

O **punto 1, apróbase por asentimento** unha vez incorporada a alegación do Sr. Álvarez Moreira.

No **punto 2**, o Rector informa sobre:

- as conversas mantidas entre os tres rectores galegos e a Consellería de Educación en relación cos criterios para un novo plan de financiamento.
- a reunión de rectores europeos e representantes ministeriais en temas de educación que tivo lugar en Bolonia (xúntase informe).
- a próxima aprobación no Consejo de Universidades dos novos plans de estudio e novos centros.
- a convocatoria do concurso de residencias e aloxamentos.
- as modificacións no Convenio para a xestión económica delegada dos contratos de I+D pola Feuga. Estas modificacións producíronse nos acordos e son as seguintes:

punto 2.a.

Texto anterior: "Levará a xestión encomendada neste convenio de acordo coa contabilidade pública e demais normas de aplicación, así como as recomendacións que emanen do Consello de Contas de Galicia".

Texto modificado: " Levará a xestión encomendada neste convenio, de acordo coas prácticas e procedementos recollidos no *Plan General de Contabilidad*, e demais normas que o desenvolven, e facilitará á UVI a información que puidese realizar a UVI sobre os contratos que se estean a xestionar".

punto 2.e.

Engádesse "unha vez que se reciban os ingresos de forma parcial en FEUGA"

Engádesse como punto quinto dos acordos: "Este convenio terá efectos retroactivos dende o primeiro de xaneiro de mil novecientos noventa e nove".

- Así mesmo informa que por proposta dos estudantes désígnase a D. Francesco Saverio Gugliotta Bastos, membro da Comisión de Publicacións (designación que quedara pendente na Xunta de Goberno do día 12.03.99).

No **punto 3**, o Rector fai unha presentación global do proxecto de creación da sociedade anónima "Cidade Universitaria S.A." para construír, xestionar e explotar un Centro de Servicios Universitarios para os estudantes e para todo o persoal da Universidade.

O Vicerrector de Planificación detalla os aspectos máis salientables do proxecto. Di que a Universidade tería na sociedade unha participación de máis dun 50% (concretamente o 50,5%), asegurándose así o control. Para dotar ó Campus dos servicios necesarios cómpre atraer a outras institucións que serían Caixa Vigo e Zona Franca, principalmente e Concello de Vigo e Diputación de Pontevedra, en menor cantidade. Dedicaríanse ó proxecto 11.000 m² , aproximadamente, dos que 6000 m² estarían destinados a usos estrictamente universitarios, e o

resto a operadores privados que doten de servicios.

Aínda que a maioría do capital social corresponde á universidade, esta non vai utilizar para iso nada do seu presuposto de 1999, gracias ós termos de renovación do convenio de colaboración con Caixa Vigo. Por último, indica que as obras poderían iniciarse este mesmo ano.

A continuación ábrese unha rolda de intervencións.

O profesor Outes di que no programa electoral do Rector non se dicía que se ían privatizar servicios na Universidade de Vigo e que Caixa Vigo fixo o Colexio Universitario sen ter que recorrer a unha sociedade anónima. Cualifica este acto de entreguismo da universidade e chama ós membros do equipo rectoral "rabanitos" porque son vermellos por fóra e brancos por dentro.

Di que no rexistro mercantil os terreos non constan como da universidade e habería que apoiar á mancomunidade de montes. Pide que conste na acta e que se lle responda por escrito ó seguinte:

¿Onde consta o contrato que regula a vinculación entre a Sociedade Anónima e a universidade?

¿Ata onde chegan os dereitos desa sociedade?

¿Pode construírse calquera tipo de cousas?

¿Pode ocorrer que sexa a sociedade a que xestione o CACTI ou a Biblioteca Central?

Di que neste último ano o equipo rectoral non foi quen de resolver ningún problema e por iso ten que recorrer a unha sociedade anónima.

Comenta tamén que en Estados Unidos as universidades non están rexidas por sociedades anónimas senón por fundacións.

Di que o equipo rectoral "pasou do Padornelo", pero non se enterou de nada e que no modelo da Vila Universitaria da Universidade Autónoma de Barcelona (que serviu de guía ó modelo que agora se presenta), media un contrato onde se clarifica que se trata dunha sociedade anónima de capital público sen ánimo de lucro. Opina que o que aquí se presenta e partir á metade sen máis o modelo da Autónoma de Barcelona.

Sostén que nos termos dos Estatutos propostos, podería actuar unha filial da sociedade con negocios de inmobiliarias na Ría de Arousa ou outros fins encubertos.

Insiste en que isto inicia un proceso de privatización da universidade que supón o capitalismo máis puro e salvaxe e que se trata dun entreguismo a unha institución que só persegue lucro. Propón que se presente un contrato que delimite competencias e graos de actuación e onde se especifique o que se lle vai a esixir a esa S.A.

Expón que votaría a favor se se tratase dunha fundación e que vai presentar un voto particular en contra, desvinculándose dunha decisión que mesmo poder ser ilegal.

O Vicerrector de Planificación responde dicindo que o obxecto e as carectarísticas da Vila Universitaria S.A. e Plaça Cívica S.A. da Autónoma de Barcelona son idénticos ós que aquí se

presentan. Precisa que cando se fala de lucro, o importante é como se fai a distribución dos beneficios.

O profesor Corbacho entende que toda Sociedade Anónima ten ánimo de lucro e pregunta qué institucións e con qué porcentaxe entrarían no proxecto (o vicerrector responde: Caixa Vigo 25%, Zona Franca 20%, Concello de Vigo 2,25%, Deputación de Pontevedra 2,25% e Universidade de Vigo 50,5%). Opina, ademais, que esta proposta debería ser sometida á consideración do Claustro.

O profesor Santamaría (en representación da central sindical UXT) di que con este sistema non se asegura a permanencia da universidade sobre os terreos nin se garante o control da universidade; manifesta tamén que se favorece a opacidade, que os intereses públicos van quedar subordinados ós privados e que se atenta contra a autonomía universitaria que é un dereito fundamental. Opina que un órgano coma este tería que ser creado por lei.

Manifesta que esta proposta, tal como ven redactada, é nula porque vai en contra do artigo 2 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Manifesta que é unha cesión ó imperialismo dominante e que as posibles filiais da Sociedade poderían traducirse en axencias no exterior utilizadas como paraísos fiscais ou como instrumento de evasión de capitais.

Advirte que ningún debe alegar ignorancia ante un hipotético delito de prevaricación (achega escrito da UXT) (ANEXO I)

O Vicerrector de Planificación explica que quizás o profesor Santamaría non é consciente do obxecto desta Sociedade Anónima. Lembra que hoxe en día, servicios como ópticas, comedores, supermercados, quioscos, entre outros, son servicios públicos con xestión instrumental privada. Trátase, pois, de prover á comunidade universitaria de servicios que demanda (e que agora non ten) mediante unha sociedade anónima participada pola universidade. Isto non vai en contra da libre concorrència nin do Tratado de Roma nin é un acto de captura de servicios públicos.

O Xerente aclara que non ten por que haber un contrato xa que non resulta de aplicación o que establece a Lei de Contratos para a xestión de servicios públicos a través dunha sociedade de dereito privado con capital maioritario público.. Di que a transparencia vai estar garantida e que isto non vai ser un instrumento liberalizador da xestión ordinaria dun ente público.

O profesor Gago di que os profesores Santamaría e Outes se equivocan e pide que non volvan o debate do público e do privado; a garantía é manter o control e a propiedade dos obxectivos públicos. O problema non é obter beneficios senón como utilízalos e suxire ós membros da Xunta de Goberno que pensen na posibilidade de investir os supostos beneficios en programas de bolsas de estudio, proxectos de investigación etc.

Opina que este pode ser un dos maiores logros desta universidade dende o seu nacemento, conseguíndose implicar a institucións detrás das cales hai garantías de arrastrar á iniciativa privada para abordar obxectivos que a universidade nunca podería facer en solitario. Con este proxecto que ten unha importancia a longo prazo faise sociedade e LRU, a universidade gaña forza, presenza e calidade.

Lembra que as institucións implicadas no proxecto tomaron a decisión por unanimidade

e agora observan se a universidade é capaz de seguir adiante. Pide ós membros da Xunta de Goberno un exercicio de responsabilidade e que que todos debemos poñernos detrás deste proxecto.

O profesor Reigosa querría aclarar a alusión de prevaricación que se fixo anteriormente. Formula a posibilidade de tratar este tema no Claustro. Pregunta polo control futuro da universidade sobre a titularidade dos terreos. Pregunta se a Xunta de Goberno poderá opinar sobre as decisións que se tomen na Sociedade Anónima.

Felicita ó Rector polo seu papel de bo interlocutor coa sociedade, entende que este é un momento histórico e que o Rector debería contar co apoio unánime da Xunta de Goberno xa que neste tema non hai que facer política partidista por tratarse dun proxecto de toda a universidade.

O Xerente responde que actualmente os terreos están escriturados a nome da Xunta de Galicia con destino para a Universidade de Vigo e que os propios Estatutos garanten que a universidade nunca quede en minoría.

O profesor Mazaira aclara que unha normativa emanada do propio Claustro no ano 95 contempla a posibilidade de participar en sociedades mercantiles, con aprobación da Xunta de Goberno.

Coincide co profesor Reigosa en que se trata dun proxecto de altísima relevancia para a universidade e felicita ó Rector e membros do equipo de goberno.

O profesor R. Berrocal preferiría un debate máis amplo no seo do Claustro onde quedarían elixidos os conselleiros, despois dun prazo de presentación de candidaturas. Pregunta porque é necesaria unha S.A. e porque non sería suficiente asinar un convenio. Pregunta tamén cómo se garante o control da universidade e qué se entende por órganos xestores da universidade. Propón:

Que se leve a proposta ó Claustro.

Que se engada un punto nos estatutos da S.A. onde se especifique que control terían os órganos colexiados.

Que no artigo 2 nos estatutos se suprima dende " y de apoio...." ata o final do parágrafo.

Que no artigo 4 se suprima "tamén..." ata o final do parágrafo.

Que no artigo 18 se cambie 5 anos por 2 anos.

Incluír unha cláusula final onde se diga quen modifica os estatutos da S.A.

O profesor Ennes aclara cuestións de tipo xurídico sobre expropiacións e rexistros da propiedade. Di que unha sociedade anónima ten que ter ánimo de lucro; outra cousa son os fins para os que se destiñen os beneficios. A sociedade, unha vez que nace, ten personalidade xurídica de seu e non hai que engadir unha cláusula final porque queda rexida pola Lei de Sociedades Anónimas.

O profesor Durany califica de pouco elegante o comedido da UXT e síntese dolido, como membro da Xunta de Goberno, ante frases como "voto armado do equipo de goberno".

Nunha segunda rolda interveñen o Sr. Pérez Betanzos e os profesores Santamaría, Alonso Escontrela, Rodríguez Ennes, Corbacho, Vilas, Candelas, Reigosa, R. Berrocal e Outes.

O profesor R. Berrocal pide que consta na acta que pediu que o tema se trate no Claustro.

O profesor R. Ennes di que non é necesario xa que o propio regulamento de réxime económico aprobado polo Claustro establece que é a Xunta de Goberno quen ten que aprobar esta iniciativa. O profesor Outes opina que é mellor o sistema dunha fundación e propón que o texto sexa devolto e que se delimiten nun contrato os campos de actuación. O profesor Corbacho pide que a votación sexa secreta.

Despois do debate, o Rector da lectura o texto que se somete a votación (ANEXO II).

Faise votación secreta e o resultado foi o seguinte:

A favor da proposta	29 votos
En contra da proposta	10 votos
En branco	2

Queda **aprobada a proposta** engadíndose a acta os votos particulares (ANEXO III).

No punto 4, apróbase por asentimento o seguinte:

** Asuntos de profesorado:

* Prazas BOE:

C08	755	TIT-UN	Vigo	Carlos Manuel Estévez Valcárcel
H03	370	TIT-UN	Vigo	Gonzalo Navaza Blanco
H03	370	TIT-UN	Pontevedra	Benigno Fernández Salgado
H06	575	TIT-UN	Vigo	Xoán Paulo Rodríguez Yáñez
T10	595	TIT-UN	Ourense	Elias Berriochoa Esnaola
T11	785	TIT-EU	Ourense	Marco Antonio González García
T12	560	TIT-UN	Vigo	José Carlos López Ardao
X08	480	TIT-UN	Vigo	Rafael Vallejo Pousada
T09	570	TIT-UN	Ourense	Juan Manuel Corchado Rodríguez
C01	410	TIT-EU	Pontevedra	Rafael Durán Barbosa
T04	780	CAT-UN	Ourense	----

* As seguintes Transformacións:

H04	345	Javier Pérez Guerra	de ASO T2-TC a TIT-UN(I)
H03	370	Anxo Manuel Lorenzo Suárez	de ASO T2-TC a TIT-UN(I)
C04	045	Jorge Domínguez Martín	de AX- II a PP2
T03	590	José Fernández Seara	de TIT-EU (I) a TIT-UN(I)
X03	150	Carmen Ruiz Hidalgo	de AX-I a PP2
X11	775	Águeda Gómez Suárez	de ASO T3-P3 a ASO T3-P6
T09	570	Celso Campos Bastos	de AX-EU a TIT-EU(I)
T11	785	María José Moure Rodríguez	de PP1 a TIT-UN(I)
T11	785	Jesús Doval Gandoy	de PP1 a TIT-UN(I)

* Cambios de área:

Gonzalo Méndez Martínez, de Urbanística e Ordenación do Territorio (815) a Xeodinámica (425).

* Adscrición novas áreas:

Antonio Chas Aguión, de Filoloxía Española (extinta) a Literatura Española (583).

Magdalena Mariño Vila, de Filoloxía Española (extinta) a Lingua Española (567).

Manuel Justo Gil, de Filoloxía Española (extinta) a Lingua Española (567).

* Permisos:

Á profesora Loreto Rodríguez Pardo, do 13.09.99 ó 10.12.99

Ó profesor Marcos Lago Álvarez, do 01.08.99 ó 31.10.99

Á profesora Elena Falqué López, do 01.06.99 ó 30.09.99

Á profesora Rosa Farto Seguí, do 01.06.99 ó 31.08.99

Ó profesor Andrés Sanjuan López, do 20.09.99 ó 20.12.99

Á profesora M^a José Pérez Álvarez, do 01.10.99 ó 31.03.2000

Á profesora Inmaculada Prieto Jiménez, do 12.07.99 ó 22.12.99

Ó profesor Julio Prada Rodríguez, do 01.07.99 ó 30.09.99

* Comisiones de servicio:

-Á dirección da oficina do V Programa Marco (Fundación Provigo) para o profesor Enrique Sánchez Sánchez.

-Solicitud á Universidade da Coruña da renovación da Comisión de Manuel Vilares Ferro.

No punto 5, sobre a proposta do calendario académico do curso 1999-2000, que presenta a Secretaria Xeral, **acórdase por asentimento facer as seguintes modificacións:**

* Ampliar ata o 22 de decembro o prazo de realización de exames de decembro.

*Iniciar o día 20 de novembro o prazo de realización de exames de fin de carreira.

*Iniciar o día 12 de xuño o prazo de realización de exames da convocatoria de xuño.

*Ampliar ata o día 22 de setembro o prazo de realización de exames da convocatoria de setembro.

Así mesmo **acórdase:**

- 1) Que os centros deben informar a Secretaría Xeral en qué día da semana (luns ou venres) celebrarán o seu patrón.
- 2) Que as Escolas de EXB poidan celebrar o seu patrón na data tradicional (27 de novembro)
- 3) Que se estudie a posibilidade de que os PAS que non están asignados a un centro teñan un día sen traballo en compensación pola ausencia de patrón.

O calendario aprobado engádese á acta (ANEXO IV)

No punto 6, o Vicerrector de Organización Académica explica os encargos de docencia aprobados polas xuntas de titulación das catro novas titulacións (2º ciclo de Enxeñaría Informática, 2º ciclo de Licenciado en Administración e Dirección de Empresas, diplomatura en Xestión e Administración Pública e licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte) e indica que por instancias do *Consejo de Universidades* hai que corrixir o número de créditos da materia Estatística Administrativa II que debe ser 7,5 (4,5 teóricos e 3 prácticos) (ANEXO V).

Intervén o profesor Miguel Alfonso Pallares en relación coa adscrición da materia Fisioloxía Humana I dicindo que por acordo da Xunta de Titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, está adscrita á área de Educación Física e Deportiva e argumenta que a adscrición correcta debería ser á área de Fisioloxía porque debe prevalecer o criterio académico.

O profesor R. Berrocal apoia esa proposta porque entende que materias básicas como esta deben adscribirse a áreas básicas.

O profesor Reigosa e o Sr. Fernández Cruz opinan que se ámbalas dúas adscricións son legais debe respectarse o acordo da Xunta de Titulación.

Prodúcese a seguinte votación:

Proposta 1, respecta-lo acordo da Xunta de Titulación:	17 votos
Proposta 2, adscribir a materia a Fisioloxía:	7 votos
En branco	4

Apróbase a primeira proposta.

A continuación **apróbase por asentimento** o encargo global de docencia das catro titulacións citadas.

No punto 7, o Vicerrector de Organización Académica explica que neste documento que recolle a normativa de xestión académica hai que cambiar na páxina primeira R.D. 1005/91 de 14 de xuño por R.D. 704/99 de 30 de abril. Tamén debe corrixirse no artigo 12.4 (páxina 26) Secretario por Administrador de Centros e Xefe de Negociado por Xefe de Administración.

O profesor Candelas observa que non figura nada relativo ás probas de acceso.

Os profesores Alonso Escontrela e Corbacho indican que non queda clara a diferenza entre materia e disciplina.

O profesor Corbacho propón que se estudie a posibilidade de reservar un cupo do total dos límites de prazas para estudantes que sumultaneen estudos.

O profesor Reigosa propón que o documento tamén recolla os procedementos de

validación vía Sócrates e que se estudie a posibilidade de contemplar intercambios similares ó Socrates dentro do territorio español. Opina ademais que no primeiro parágrafo da páxina 8 (libre configuración curricular) sexa posible precisar a cualificación (non necesariamente aprobado). Na páxina 16 propón cambiar "comisión académica" por "comisión de ordenación académica e validacións". No referente á sétima convocatoria (pax. 21) di que debería concederse de oficio sen ter que ser levada á Xunta de Centro. Por último na páxina 25 habería que cambiar Secretario do Centro por Administrador de Centros.

A Sra. Graña (en representación da Xunta de Persoal) intervén para indicar que ademais do que xa se dixo hai que deixar máis claras as alíneas relativas a validacións e ampliación de matrícula. Considera, ademais que deben recollese tódolos regulamentos e procedementos sobre proxectos fin de carreira, teses de licenciatura, probas de conxunto e materias de libre elección.

Tamén indica que a Orde do 25 de maio de 1999 permite o atraso na entrada en vigor do Real Decreto 704/99.

O profesor Surís pide que se estudie mellor o tema dos traslados entre titulacións idénticas na mesma universidade.

A profesora López Vidal lembra que debe terse en conta o caso dos centros onde non hai administrador de centro.

Escoitadas tódalas intervencións, o Rector propón que se **retire** o documento, que se envíen o Vicerrector de Organización Académica as suxestións que melloren e completen o texto e que sexa sometido a aprobación nunha próxima Xunta de Goberno.

No punto 8, o Vicerrector de Investigación explica as novidades máis salientables da convocatoria, con respecto a anos anteriores. Di que a convocatoria foi aprobada por unanimidade na Comisión de Investigación.

O profesor R. Berrocal agradece o bo traballo da Comisión. No que se refire ós equipos consolidados, comparte o espírito de excelencia e a súa filosofía, pero considera que quizás habería que baixar o listón xa que nesta proposta de excesiva excelencia (50 puntos por ano na produción científica) entraría posiblemente só o 5% dos grupos.

Expón que así poden perderse áreas de coñecemento pequenas ou ámbitos como os de Humanidades e Xurídico-Social.

O profesor Reigosa pide que se lle aclare o cálculo da nota da carreira e o criterio de reparto entre as modalidades A e B. Non está de acordo co procedemento para seleccionar ós bolseiros FPII (debería seleccionar o investigador entre os que pasan o corte).

O profesor Fernández Bernández considera escaso o prazo (que remata o 15 de xullo) para solicitar visitantes de investigación.

O profesor Surís di que só se debería ter que xustificar documentalmente a produción científica do último ano. Tamén cre que no caso de proxectos europeos non debería considerarse

só responsable o que asina.

O profesor Durany di que debería terse en conta un factor de corrección sobre o cálculo dos EJC.

A profesora Alonso Escontrela di que quedan prexudicados con estes criterios os ámbitos de Humanidades e Xurídico-social.

O profesor Gago expón que eses ámbitos deben xogar co mesmo baremo co resto e que non deben distanciarse dos programas de política científica existentes. É bo que os grupos de máis excelencia sexan os equipos de referencia.

O Vicerrector de Investigación responde e aclara as cuestións formuladas e mantén (cando menos por este ano) o criterio de excelencia proposto inicialmete.

Apróbase por asentimento a 2ª convocatoria de axudas á investigación do ano 1999 con pequenas correccións que se incorporan ó documento (ANEXO VI).

No punto 9, o Vicerrector de Docencia e Alumnado presenta a proposta de cuestionario de avaliación docente aprobado na Comisión de Docencia.

A profesora Alonso Escontrela considera máis axeitado dicir representativas que axustadas no que se refire ás probas no ítem nº 8 e di que neste cuestionario non se pregunta se o profesor entrega un programa.

O profesor Surís non considera necesaria esta pregunta xa que é unha obriga de acordo cos Estatutos.

O profesor Reigosa considera que esta enquisa é boa e equilibrada.

Apróbase por asentimento.

No punto 10, intervén, por pedimento propio, o Decano da Facultade de Belas Artes e xustifica a solicitude de dous vicedecanos (un máis que o que lle correspondería segundo a normativa actual) pola necesidade de levar a cabo o proxecto que presentou na Facultade cando foi elixido Decano. Resalta a urxencia de potenciar tanto a liña académica coma á de proxección ó exterior. Lembra que a facultade leva demasiado tempo sen vicedecanos e solicita que se acceda o seu pedimento por este mandato de tres anos.

A profesora López Vidal apoia a proposta.

Os profesores Reigosa e R. Berrocal consideran xusta a proposta, pero opinan que debería cambiarse a normativa para que se tratara dun criterio xeral.

O profesor Mazaira di que se debe conceder e estudar para o futuro un cambio de criterios.

O profesor Corbacho opina que a Xunta de Goberno ten potestade para decidir sobre situacións particulares.

Apróbase a solicitude.

O profesor Berrocal pide que conste a súa abstención xa que non está de acordo con apoiar decisión puntuais.

No punto 11, o Vicerrector de Planificación explica a proposta que foi elaborada de acordo cos contidos marcados na guía nacional de avaliación.

O profesor Reigosa observa que no artigo 7 debe cambiarse titulación por unidade avaliada.

O Sr. Pérez de Obanos opina que para crear este comité debería precisarse o persoal, infraestructuras, medios etc.

O Sr. Álvarez Moreira propón incluír 4 alumnos en lugar de 2 na composición do comité (artigo 3). Admítese esta proposta.

Sométese a votación:

A favor	19 votos
En contra	1 voto
Abstencións	3

Apróbase a creación do Comité de Avaliación e Calidade da Universidade de Vigo (ANEXO VII).

O Sr. Álvarez Moreira pide que conste en acta o seguinte:

"Tras los comentarios debido al resultado de la votación sobre el punto 11 del orden del día quisiera indicar.:

a) La propuesta realizada de cambio en la composición viene determinada por la coherencia que creo debe tener la composición de las diferentes comisiones que se cree y, la necesidad de mantener la proporción establecida en el artículo 69 de los estatutos de la Universidad de Vigo.

b) Mi voto en blanco está determinado porque creo que el Comité de Evaluación debería contar con unos pasos previos, debido a la experiencia obtenida por el Comité de Autoevaluación de la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales."

O Sr. Pérez de Obanos emite o seguinte voto particular sobre o punto 11 da orde do día desta Xunta de Goberno:

"Quero expresar o meu malestar e polo tanto o meu voto en contra sobre o punto en cuestión por:

1º- Non ser informado con rigorosidade sobre o funcionamento, labor e infraestructura do que estará dotado o comité de avaliación e calidade da Universidade de Vigo.

2º-A miña non participación e, de seguir así, non participarei na Comisión de Planificación debido o incumprimento do modelo inicial, plasmado na súa primeira acta, de dota-los seus membros da informaición necesaria para a realización do seu traballo.

Aproveitando a ocasión quero rogarlle a esta Xunta de Goberno que non cre máis comisións ou comités, que estudarán e tomarán ou propondrán a toma de decisións, sen que estos consten coa información documental imprescindible para o bo desempeño do seu labor."

No punto 12, o Rector indica que con esta normativa dáse abeiro ós cargos xa existentes e se fixa o procedemento para os que se poidan crear no futuro. Estas direccións de área poderán ser ocupadas a medio prazo por membros do persoal funcionario ou laboral.

O Sr. Gómez Soler le un escrito de D. Horacio Villar en contra desta proposta.

O profesor Reigosa di que con esta proposta nos achegamos máis ós Estatutos.

O Sr. Pérez Betanzos considera que dun día para outro non poden modificarse situacións anteriores. Por iso, considera positiva a presentación deste punto e aplaude a súa transparencia.

O profesor R. Berrocal propón unha nova redacción do punto 4 que se asume.

Apróbase por asentimento a proposta coa modificación do punto 4 (ANEXO VIII)

O punto 13, relativo ó expediente de convalidación de gasto, **apróbase por asentimento**.

No punto 14, non habendo máis candidatos que postos por cubrir, non se precisa votación pasando a formar parte das comisións delegadas de Xunta de Goberno as seguintes persoas:

Na de Extensión Universitaria polo sector PDI.....D. Manuel J. Reigosa Roger

Na de Planificación polo sector PDI..... D. Pedro Araujo Nespereira
D. José Mª Gil Villanueva

Na de Investigación polo sector de alumnos..... Queda vacante un posto

No punto 15, o Sr. Gómez Soler propón modificacións na páxina 4 da proposta. Acéptanse.

Apróbase a convocatoria **por asentimento** coas modificacións propostas (ANEXO IX).

O punto 16, referente o regulamento de réxime interno das residencias universitarias,

retírase ata unha vindeira Xunta de Goberno.

O punto 17, aprobase por asentimento.

No punto 18, formuláronse os seguintes rogos e preguntas:

O PROFESOR R. BERROCAL está en desacordo coa existencia dun carné de biblioteca e roga que o carné de profesor sexa suficiente dende este momento para ser usuario da mesma.

O SR. PÉREZ DE OBANOS roga que o carné de estudante sirva para ser usuario da biblioteca.

O SR. CARDADOR roga que se amplien os prazos de préstamo en biblioteca para os estudantes de 1º e 2º ciclo.

O SR. ÁLVAREZ MOREIRA pide que se cumpra a lexislación e se modifique o encargo de docencia das materias Matemáticas I, II, III da LADE e Matemáticas I, II de Economía, dadas pola área 015 do Departamento C06, xa que segundo as directrices do BOE, as anteriores materias están adscritas a áreas incluídas nos Departamentos X06, X08, X07 e T10. Así mesmo entrega un escrito que se xunta a esta acta como ANEXO X .

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 21 horas do día 24 de xuño de 1999 da que eu como Secretaria dou fe, co visto e praxe do Rector.

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoeo

Margarita Estévez Toranzo